

**INFORME SOBRE AS AFECCIÓNS AO PATRIMONIO
NATURAL E BIODIVERSIDADE DA LIÑA ELÉCTRICA LAT
132 KV (O IRIXO-LALÍN)**

XUSTIFICACIÓN

1.- O día 27 de outubro de 2014 foi rexistrado un escrito suscrito pola Asociación Autónoma COVA CREA (CIF G-70.400.205) e a Asociación Autónoma Ambiental PETÓN DO LOBO (CIF G-15.777.238), con domicilio en Silleda (Pontevedra), no que se solicitaba a este Consello, en función das súas atribucións autonómicas, dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, ás administración locais e autonómicas e á empresa Unión Fenosa, S.A. para que esta última modifique o trazado previsto da liña eléctrica LAT 132 KV IRIXO-LALÍN polas súas afeccións sobre o patrimonio natural e cultural da contorna do monumento natural da Fraga de Catasós e, máis nomeadamente, da fraga de Casas Vellas.

2.- Despois de valorado o escrito, a Comisión Executiva considerou que entraba dentro das competencias deste alto organismo asesor da Comunidade Autónoma galega o emitir o informe e acordou, con data de 30 de outubro de 2014, solicitar o informe a Francisco Díaz-Fierros Viqueira, coordinador da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade.

3.- Unha vez recibido o informe elaborado por Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Pablo Ramil Rego, a Comisión Executiva aprobou, na reunión do 1 de abril de 2015, emitir, por petición de parte, o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES

No ano 2007, a empresa Gas Natural-Unión Fenosa promove a construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixo e Lalín.

A construción desta liña eléctrica, LAT 132 KV IRIXO-LALÍN, ten como finalidade conectar a subestación do parque eólico do Irixo (Ourense) coa subestación de Lalín (Pontevedra). Na Resolución do Valedor do Pobo (Expedientes: C.6.Q/22955/14 e C.6.Q/1014 a 12196/15), do 25/02/2015, inclúese parte dun escrito da Consellería de Economía e Industria, no que se achega unha descrición resumida do proxecto: *Mediante esta actuación preténdese garantir a subministración de enerxía eléctrica na zona e evitar a posición en punta tanto da subestación de Lalín como da subestación do Irixo: Actualmente a subestación de Lalín está alimentada por unha soa tiña de alta tensión a 66 kV, simple circuito, dende a subestación de Chantada, o que a configura, así mesmo, en punta, con total dependencia desa liña para garantir a subministración á súa zona de influencia. Co fin de mellorar a calidade do servizo prestado pola subestación de Lalín e garantir a continuidade do mesmo, está previsto realizar as seguintes actuacións: Repotenciación da LAT 66 kV Chantada-Lalín actual a 132 kV e a Construción da LAT 132 kV Irixo-lalín. Dada a relativa proximidade xeográfica das subestacións de Lalín e O Irixo, ambas en punta, e a substancial mellora da calidade de servizo que suporá o seu funcionamento en rede mallada, proxéctase a construción da LAT 132 kV Irixo-Lalín entre as mesmas, o cal favorecerá ademais as posibilidades de evacuación do parque eólico do Irixo, ao dotalo dunha dobre vía de evacuación. Polo tanto, mediante a construción desta liña garantirase a subministración de enerxía eléctrica na zona e evítase a posición en punta, tanto da subestación de Lalín como da do Irixo, e conseguirase a evacuación á rede de toda a enerxía xerada no parque eólico do Irixo. A instalación eléctrica consiste nunha liña eléctrica aéreo soterrada, a 132 kV, con orixe na subestación do parque eólico do Irixo e final na subestación de Lalín, [...] cunha lonxitude de 21.757 m, dos cales 20.237 m son en aéreo, con condutor tipo LA-280 (HAWK) e sobre apoios metálicos de celosía, e 1.520 m son en soterrado, con condutor R.H.E. 1x630 mm² Al, cos seguintes tramos [...]. O seu investimento ascende aos 3.188.142,77 € e o seu prazo estimado de execución será de 12 meses.*

Este proxecto xera un importante rexeitamento social que, dende un punto de vista do patrimonio natural e da biodiversidade, se centra na previsible afección sobre distintas masas arbóreas e, especialmente, sobre a coñecida como Fraga de Casas Vellas.

O expediente público iníciase coa Resolución do 22 de outubro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, pola que somete a información pública o estudo ambiental da L.A.T. a 132 kV O Irixo-Lalín, o proxecto de execución das instalacións que comprende, así como a solicitude de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/169-3) (DOG 10/12/2007).

Posteriormente, o promotor modifica o proxecto construtivo e o estudo de impacto ambiental, cambios que veñen recollidos no *Acordo do 30 de agosto de 2011, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía e Industria, polo que somete a información pública a petición de autorización administrativa e de declaración de utilidade pública da L.A.T., a 132 kV, O Irixo-Lalín, o seu proxecto modificado de execución, o do estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. (Expediente IN407A 2007/169-3) (DOG 21/11/2011).* Establécese un novo prazo de alegacións de 30 días.

Con data 27/05/2013, o *Diario Oficial de Galicia (DOG)* pública o anuncio da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto: *Resolución do 29 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data do 2 de abril de 2013, relativa ao proxecto modificado da LAT 132 kV Irixo-Lalín, nos concellos do Irixo (Ourense), Dozón e Lalín (Pontevedra), promovido por Unión Fenosa Distribución, S.A. (DOG 27/05/2013).*

A declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data 2 de abril de 2013 para a LAT O Irixo-Lalín, a cal recolle entre outras obrigas a de realizar unha variante entre os apoios núms. 51 e 53 para que o trazado da liña quede fóra da área de protección do xacemento arqueolóxico Castro de Catasós/a Aurela do Castro (GA36024036).

A Consellería de Economía e Industria somete a mencionada variante a información pública mediante a Resolución do 9 de decembro de 2013, da Xefatura Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública o anexo ao proxecto da LAT, a 132 kV, O Irixo-Lalín, que recolle a variante do Castro de Catasós, dentro do concello de Lalín (Expediente IN407A 2007/169-3) (DOG 3/01/2014).

No Consello da Xunta de Galicia apróbase a incidencia supramunicipal do proxecto: Resolución do 3 de xuño de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se ordena a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de maio de 2014, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado LAT 132 kV O Irixo-Lalín, así como das disposicións normativas contidas no dito proxecto (DOG, 26/06/2014).

Posteriormente, como consecuencia dos escritos presentados polas asociacións Cova Crea e Petón do Lobo e mais 11 200 persoas, en relación cos previsibles danos que se puidesen xerar sobre as fragas de Catasós pola construción da liña de alta tensión O Irixo-Lalín, o Valedor do Pobo emite unha resolución (25/02/2015), na cal recomenda:

Que se promovan as medidas precisas para revisar o trazado previsto para a liña de alta tensión obxecto da presente queixa co fin de que se preserve o interese ambiental e paisaxístico da Fraga de Casas Vellas e en xeral da contorna da Fraga de Catasós, oficialmente protexida, e que en particular se eviten os prexuízos ambientais e paisaxísticos dese trazado mediante o soterramento da liña ao carón da estrada de entrada a Lalín.

Finalmente, o concello da Lalín, o día 6/03/2015, acordou iniciar un estudo sobre a viabilidade da declaración da Fraga de Casas Vellas como Espazo Natural de Interese Local (ENIL).

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE AS AFECCIÓNS AO PATRIMONIO

Das diferentes alegacións presentadas ao trazado da liña eléctrica LAT 132 KV O IRIXO-LALÍN recollidas na Resolución da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, do 9/05/2014 (DOG núm. 115, do 2014/6/18), pola que se autoriza e aproba o proxecto, consideramos que son de competencia do Consello da Cultura Galega as relativas ao Patrimonio Cultural e Natural.

Referente ao Patrimonio Cultural, existían alegacións sobre o castro de Catasós-Aurela do Castro (GA36024036), que foron postas de manifesto polo informe pertinente presentado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, atendidas pola Empresa Unión Fenosa, S.A. e recollidas na dita Resolución establecendo unha modificación sobre o trazado orixinal da liña.

Polo tanto, este informe do Consello da Cultura Galega vaise centrar exclusivamente nas afeccións ao Patrimonio Natural e Biodiversidade, maiormente as relativas á paisaxe e á vexetación e biodiversidade.

1.- O bosque galego sufriu unha importante recesión territorial nos últimos anos, sendo cada vez máis escasa a existencia de bosques formados por especies nativas que manteñan unha estrutura e biodiversidade próxima á naturalidade, e/ou que estean conformados por espécimes lonxevos ou simplemente que se correspondan con masas que persistiron como tales dende hai máis de 250 ou 500 anos. Estes tipos de bosques son identificados internacionalmente como "bosques antigos" (*ancient woods*) e son obxecto de medidas de conservación e protección específicas.

2.- En Galicia non existe unha protección específica para este tipo de formacións e, ano tras ano, prodúcese a perda ou degradación de bosques antigos de gran valor ambiental e cultural. A case totalidade dos bosques nativos de Galicia correspóndese con hábitats de interese comunitario, a protección da cal, tanto dentro da Rede Natura 2000 como no resto do territorio, vén derivada, entre outras, polo artigo 45.3 da Lei 42/2007, do patrimonio

natural e da biodiversidade. Pero esta protección así como a derivada doutras normativas autonómicas e estatais non resultan suficientemente efectivas para deter a perda de bosques nativos, especialmente de bosques de ribeira, carballeiras e bosques de encostas.

3.- Na parroquia de Castasós (Lalín, Pontevedra), existe unha importante superficie de bosques nativos, representados por facies de carballeiras climácicas (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus suber*), así como de soutos de *Castanea sativa*. Bosques que se corresponden con distintos tipos de hábitats de interese comunitario (Anexo I da Directiva 92/43/CEE e da Lei 42/2007) e que, en moitos casos, cumpren os criterios esixidos para os designados como “bosques antigos”.

4.- O 12/04/2000, no *Diario Oficial de Galicia* publícase o Decreto 76/2000, do 25 de febreiro, polo que se declara monumento natural a Fraga de Catasós, no concello de Lalín (provincia de Pontevedra). A declaración de “Monumento Natural” límitase a una superficie de 4,51 ha e prohíbese no ámbito do espazo natural o establecemento de tendidos eléctricos.

Posteriormente, mediante o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (DOG 17/04/2007), declárase a Fraga de Catasós como “formación senlleira”.

A finais dese mesmo ano, entra en vigor a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade (BOE, 14/12/2007), na cal se modifica o status de protección dos monumentos naturais, prohibindo neste tipo de espazos a explotación de calquera tipo de recurso, salvo naqueles casos en que por razóns de investigación ou conservación se permita aquela, previa a pertinente autorización administrativa.

Malia iso, e transcorridos 15 anos dende a declaración do Monumento Natural da Fraga de Catasós, este carece do perceptivo Plan de Uso e Xestión, tal e como recomenda a lexislación autonómica (Lei 9/2001) e estatal (Lei 42/2007). Deficiencia que comparte con outros monumentos naturais de Galicia.

ANÁLISE DAS AFECCIÓNS AO PATRIMONIO NATURAL DO PROXECTO

1.- Nas relativas á paisaxe da contorna facemos nosas as emitidas polo Valedor do pobo na súa Resolución do 25/02/2015, nomeadamente as recollidas no apartado 8 da análise:

Da diferente documentación achegada dedúcese que a análise do impacto paisaxístico da liña non foi suficiente como para chegar a un grado adecuado que permitira preservar a singularidade recoñecida tanto da zona protexida como da súa contorna de conectividade, especialmente a zona singular coñecida como

Fraga de Casas Vellas. Isto afecta especialmente á DIA, que a pesar da mención legal que citamos, que obriga a facer na avaliación de impacto ambiental un estudo paisaxístico específico, sen embargo contén un apartado sobre o tratamento desta cuestión que resulta insuficiente e que fai mención so a existencia do propio estudo (“terase especial coidado na aplicación das medidas preventivas e correctoras que se sinalan no estudo”) e se centra en valoracións que non se refiren a propia integración paisaxística, senón á restauración e á reposición do terreo para o caso de quedar fora de servizo. O estudo que menciona a lei non é a única obriga neste tipo de procedementos, senón que por enriba da realización do estudo debe facerse un pronunciamento específico e particularizado da administración sobre o mesmo, como corresponde aos instrumentos con esta natureza, as avaliacións ambientais. A consellería competente confirma a existencia do estudo do promotor e o considera suficiente, pero non concreta ou detalla a súa valoración, en especial as causas polas que non aplica medidas correctoras en materia paisaxística, e iso a pesar de tratarse dun elemento fundamental á vista da normativa citada.

2.- Nas relativas á vexetación e á biodiversidade sinálase, en primeiro lugar, a ausencia dun Plan de Uso e Xestión do Monumento Natural “Fraga de Catasós”, tal e como recomenda a lexislación autonómica (Lei 9/2001) e estatal (Lei 42/2007). Esta deficiencia, despois de 15 anos da declaración de Monumento Natural, debería dar lugar, no caso de que se cumprise a normativa en vigor, á definición dunha contorna de protección da Fraga de Catasós, na que previsiblemente debería estar incluída a fraga de Casas Vellas. Deste xeito, as figuras de protección nesta contorna farían inviable o trazado actual proxectado para a liña eléctrica en cuestión.

3.- No Anexo I da DIA da LAT O Irixo-Lalín, realízase unha descrición dos valores do Patrimonio Natural e Biodiversidade afectados tomando como referencia os hábitats de interese comunitario derivados da Directiva 92/43/CEE traspostos ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 42/2007:

*Con respecto aos hábitats inventariados, na zona localízanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río Asneiro, e varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), correspondentes ao anexo 1 da Directiva 92/43/CEE do Consello de 21 de maio de 1992. E segundo o Inventario Nacional da Biodiversidade, atoparíanse: Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior* (91EO*) asociado ao río Asneira, varias manchas de Breixeiras Secas Europeas (4030), Breixeiras Húmidas Atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica Tetralix* (4020*), e Prados pobres de sega de baixa altitude (6510).*

En consecuencia, a única representación de bosques considerados como hábitats de interese comunitario afectados pola LAT O Irixio-Lalín serían unha pequenas manchas de bosques aluviaais (91E0*).

4.- Tanto a lexislación europea como a española, no canto da protección dos hábitats de interese comunitario, singularizan os de carácter prioritario, que deben someterse a unha conservación estrita (evitar reducións na área de distribución, perda de estrutura e perda de funcións ecolóxicas) dentro dos espazos da Rede Natura 2000. Pero, tamén, fóra desta Rede defínense hábitats de interese comunitario non prioritario que deben ser protexidos, evitando os órganos competentes “a deterioración ou contaminación dos hábitats de interese comunitario, tanto prioritarios como non prioritarios”. A DIA da LAT O Irixio-Lalín refírese no seu catálogo de hábitats comunitarios exclusivamente aos de carácter prioritario, ignorando os de carácter non prioritario, que tamén deben ser obxecto de protección.

5.- Na zona en cuestión afectada pola LAT O Irixio-Lalín existen tamén hábitats comunitarios non prioritarios (pero tamén sometidos a normas de protección que eviten a súa “deterioración”) que, segundo o *Manual de Interpretación de los Hábitats de la Unión Europea* (EUR-27 2007 e EUR-28 2013) e pola información técnica do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (2012), serían definidos como carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230) así como Bosques de *Castanea sativa* (9260). Nun estudo de campo realizado na zona afectada por un dos asinantes deste informe no mes de marzo do 2015 (CCG) identificáronse os seguintes hábitats de interese comunitario, prioritarios e non prioritarios, que se indican na táboa seguinte en comparación cos recollidos na DIA do Proxecto:

Hábitats de interese comunitario na LAT O Irixio – Lalín	DIA	CCG
Ríos, de pisos de planicie a montano con vexetación de Ranunculion (3260)		●
Brexeiras secas europeas (4030)	●	●
Brexeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> (4020*)	●	●
Prados pobres de sega de baixa altitude (6510)	●	●
Bosques aluviaais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (91E0*)	●	●
Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i> (9230)		●
Bosques de <i>Castanea sativa</i> (9260)		●
Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> (8230)		●

Distribución na contorna da LAT O Irixio-Lalín de hábitats de interese comunitario segundo a información contida na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) e dos datos obtidos na visita de campo efectuada en marzo de 2015 por un dos asinantes do presente informe (CCG). Os hábitats prioritarios aparecen indicados con “*“.

6.- Convén sinalar tamén que, no relativo á DIA, as normas xerais de traballo recomendan empregar a mellor e máis actualizada metodoloxía dispoñible. Neste senso, resulta criticable que a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia empregue como única referencia para a diagnose e valoración da presenza de tipos de hábitats de interese comunitario o *Inventario Nacional de Biodiversidade*, cando a información contida neste, derivada do proxecto “Inventario e cartografía dos tipos de hábitats e especies da Directiva 92/43/CEE en España” (LIFE-1993, LIFE-1994), coordinado por S. Rivas-Martínez e promovido pola DGICYT - ICONA, constitúe unha información xeral que, pola súa escala (1:50.000) e resolución, non resulta axeitada para a planificación e xestión do medio, valoración da que os mesmos responsables científicos do proxecto deixan constancia:

Obviamente la escala 1:50.000 resulta insuficiente en muchos casos para la gestión cotidiana, y en particular para los sitios incluidos en la Red Natura 2000. En estos casos los gestores de la red, y de proyectos que requieran información más detallada, habrán de dotarse de una cartografía de mayor escala. No siendo ese el objetivo del Atlas de los Hábitat de España, habrán de considerar esta cartografía cómo una primera aproximación a la realidad territorial existente (“Introducción”, en S. Rivas Martínez & A. Penas (dirs.): Atlas y Manual de los Hábitat de España, TRAGSA / Ministerio de Medio Ambiente, Madrid, 2003, p. 26).

7.- En relación cos tipos de hábitats de interese comunitario (non prioritarios) de carácter arbóreo non contemplados na DIA, sería pois de aplicación, aínda que non estivesen sinalados deste xeito, todos os supostos que atendan a protexelos da súa “deterioración” (Apartados 6.2.1 e 6.2.2 da DIA e as derivadas do artigo 42.3 da Lei 42/2007).

Neste sentido, a afección sobre os hábitats de carballeiras (9230) e soutos (9260) provocada pola LAT ao seu paso pola parroquia de Catasós dá orixe a unha afección moi grave sobre o estado de conservación destas masas, ao provocar a súa redución superficial, a súa fragmentación, alterando a estrutura e as funcións ecolóxicas dun bosque nativo. A alteración debe, ademais, considerarse como permanente xa que os protocolos de actuación establecidos para a vexetación que se desenvolve baixo as catenarias e a súa zona de protección non resultan compatibles co mantemento dun estado de conservación favorable do ecosistema boscoso.

CONCLUSIÓNS

1.- A Declaración de Impacto Ambiental da Liña de Alta Tensión O Irixo-Lalín fundaméntase nunha deficiente información sobre os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade; especialmente das unidades paisaxísticas, dos tipos de hábitats de interese comunitario, non prioritario, e das especies de flora e fauna silvestre.

2.- Entre as omisións máis notorias da DIA atópase a relativa a dous tipos de hábitats de interese comunitario: carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Q. pyrenaica* (9230), e bosques de *Castanea sativa* (9260). Hábitats que son doadamente recoñecibles e que a súa identificación non mostra ningún problema en relación cos criterios establecidos no *Manual de Interpretación de los Hábitats de la Unión Europea* e nos documentos técnicos do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Os mencionados hábitats constitúen, no ámbito da coñecida como Fraga de Casas Vellas, un exemplo singular dun bosque antigo galego e que forman un ecosistema forestal de grande interese tanto cultural como natural.

3.- As deficiencias derivadas da fase de diagnóstico acrécentanse na fase de avaliación, onde non se puideron ter en conta as repercusións do proxecto sobre determinados tipos de compoñentes (hábitats 9230 e 9260), ao non ser estes correctamente identificados. Isto determina unha perda de obxectividade e fiabilidade de todo o procedemento de avaliación de impacto ambiental e especial da Declaración de Impacto Ambiental.

4.- De calquera modo, unha valoración obxectiva das repercusións derivadas tanto da fase construtiva coma de explotación en relación coa presenza de carballeiras e soutos levaría á conclusión de que se produciría unha afección moi grave, permanente e dificilmente recuperable sobre o estado de conservación dos referidos hábitats prioritarios. Afectando negativamente á superficie de ocupación, xerando ademais procesos de fragmentación e illamento, así como alterando a estrutura e as funcións ecolóxicas.

5.- Por todo iso, ínstase á Xunta de Galicia para que a través do órgano substantivo proceda a modificar ou anular a Declaración de Impacto Ambiental da Liña de Alta Tensión O Irixo-Lalín e, en calquera caso, a asegurar, coas medidas oportunas, a protección e conservación das masas arbóreas representadas por antigas formacións de carballeiras e soutos presentes na parroquia de Catasós e, especialmente, a coñecida como Fraga de Casas Vellas, co fin de que poidan ser preservadas para as xeracións futuras, como un elemento esencial do patrimonio de todos os galegos e galegas.